

ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## ANUNCIO

Resultando aprobada definitivamente a "**Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación de Servicios facultativos que se presten nas obras municipais**", aprobada polo Pleno Municipal en sesión de 5 de Marzo de 2015, ó non terse presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública (B.O.P. Nº 52 de 17/ 03/ 15), faise público o texto íntegro da mesma que é do teor literal seguinte:

### **"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS FACULTATIVOS QUE SE PRESTEN NAS OBRAS MUNICIPAIS.**

#### **XUSTIFICACIÓN DA TAXA.**

*O artigo 1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece que dita lei ten por obxecto regular a contratación do sector público, establecendo o artigo 3.1.a) que ós efectos desa Lei "considérase que forman parte do sector público, entre outros entes, as Entidades que integran a Administración Local".*


*Pola súa parte, e ata tanto se desenvolva esta lei, o artigo 131 do R.D.1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece que ao presuposta base de licitación obterase incrementando a execución material nos seguintes conceptos:*

*1. Gastos xerais de estrutura que inciden sobre o contrato, cifrados nas seguintes porcentaxes:*

- do 13 ao 17 %, en concepto de gastos xerais da empresa, gastos financeiros, cargas fiscais, IVE excluído, taxas da Administración legalmente establecidas, que inciden sobre as obras e demais derivados das obrigas do contrat; e*
- 6% en concepto de beneficio industrial.*

*2. Imposto sobre o valor engadido.*

*Co Real Decreto Lexislativo 5/96, de 7 de xuño, liberalízanse os honorarios técnicos establecidos e, por outro lado, no ámbito da Administración do Estado (Decreto 137/60, do 4 de febreiro) e da propia Comunidade Autónoma de Galicia (D.L. 1/92, do 11 de abril) teñen establecidas o 4% pola prestación de servicios facultativos nas súas obras. Daquela, para cubrir o posible baleiro legal existente e que o custo destas servicios queden definidos e deste xeito de xeral coñecemento polos participantes nas licitacións de obras adxudicadas polo Concello; é polo que o Concello de Ribadumia acorda a imposición e ordenación desta taxa, que está comprendida nos gastos xerais da empresa.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

#### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

*En virtude do disposto nos artigos 133.2 e 142 da Constitución, artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 20.1.b e s.s. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), establece a Taxa polos servizos facultativos que se presten nas obras municipais, que se rexerá pola presente ordenanza reguladora.*

#### **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.**

*Constitúe o feito imponible da taxa a prestación, con medios propios coma alleos, dos servizos consistentes nos traballos facultativos de:*

- a) Comprobación de replanteo, dirección, inspección e liquidación das obras contratadas ou adxudicadas polo concello de Ribadumia.*
- b) Coordinación de seguridade e saúde durante a execución da obra, segundo a lexislación vixente en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.*

#### **ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS.**

*Son suxeitos pasivos contribuíntes desta taxa os contratistas, persoas naturais ou xurídicas, adxudicatarios de obras contratadas polo Concello (adxudicatario ou concesionario).*

#### **ARTIGO 4. RESPONSABLES.**

- 1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.*
- 2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.*

#### **ARTIGO 5. DEVENGO DA TAXA.**


*A Taxa devengarase no intre de prestar os servizos polos que se esixe esta taxa.*

#### **ARTIGO 6. BASE IMPOÑIBLE.**

*Constitúe a base imponible desta taxa, o importe do orzamento de execución material das obras, aplicando, no seu caso, o coeficiente de baixa, que se determina parcialmente en función do presuposto de execución material adxudicado de cada certificación de obra expedida.*

#### **ARTIGO 7. TIPO DE GRAVAME E COTA TRIBUTARIA.**

*A cota tributaria desta taxa será o resultado de aplicar sobre a base imponible, anteriormente definida, os seguintes tipos de gravame:*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

1.- Cando o feito impoñible consista na comprobación de replanteo, dirección, inspección e liquidación das obras, o tipo de gravame a aplicara será: 4%.

2.- Cando o feito impoñible consista na coordinación de seguridade e saúde durante a execución da obra, o tipo de gravame a aplicar será: 1%.

### **ARTIGO 8. XESTIÓN E COBRO.**

De cada certificación de obra expedida polo Técnico Director da Obra procederase a efectua-las liquidacións correspondentes, que serán aprobadas conxuntamente coa certificación de obra polo órgano competente.

Ao pagar a certificación de obra reterase a parte que lle corresponda á taxa, ingresándoa:

1. Se os servizos se prestaron con medios propios do Concello, ingresarse no concepto presupostario de ingresos que corresponda.

2. Se os servizos se prestaron con medios alleos, ingresarse no concepto non orzamentario correspondente e pagaráselle á persoa física que preste os servizos obxecto desta taxa.

### **DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA.**

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 05/ 03/ 2015, entrará en vigor o día da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir dese momento ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

### **DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA.**

Non obstante o anterior, a presente Ordenanza non será de aplicación aos expedientes de contratación de obras iniciados con anterioridade a súa entrada en vigor.

Ribadumia, 29 de abril de 2015

A Alcaldesa,

Asdo: Ma Salomé Peña Muñiz